

RAY & LIZ

Richard Billingham, 2018

587

ESTREA EN NUMAX: 06.09.2019 | V.O.S.E. | +16

Ray & Liz (2018, 107')

Dirección: Richard Billingham

Guión: Richard Billingham

Elenco: Tony Way, Ella Smith, Justin Salinger, Sam Gittins, James Eeles, Michelle Bonnard, Andrew Jefferson-Tierney, James Hinton

Son: Joakim Sundström

Montaxe: Tracy Granger

Dirección de arte: Beck Rainford

Vestuario: Emma Rees

Fotografía: Daniel Landin

Produtora: Jacqui Daviesm (Reino Unido)

Distribuidora: Noucinemart

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2018 (Mención Especial),
Sevilla 2018 (Premio Especial do
Xurado), BAFICI 2018 (Mellor actriz
—Ella Smith—), BAFTA 2018
(3 nominacións)

FILMOGRAFÍA

Fishtank, 1998

SINOPSE

Nas aforas de Birmingham e nas marxes da sociedade, a familia Billingham leva a cabo rituais extremos, rompendo tabúes nunha vida determinada por factores que escapan ao seu control. Ás veces sorprendente e cun humor inquietante, preséntanse tres episodios como unha poderosa evocación da experiencia de medrar nun piso do Black Country de Inglaterra.

«Formalmente impresionante e rigorosa, sen perder nada de forza emocional»

Guy Lodge, VARIETY



“As comunidades pobres adoitan ter un sentido do humor moi desenvolvido”

Entrevista con Richard Billingham
Por Marta Balaga

O «inquietante humor negro» ao que se refiriu o xurado de Vilna pode non ser tan obvio para algúns espectadores. Crees que é algo que a xente nota? Non tiña a intención de engadir humor. Creo que é algo que vén de serie porque tentaba facer unha película honesta e as comunidades pobres adoitan ter un sentido do humor moi desenvolvido, moi evolucionado. É a súa forma de afrontar as cousas. Hai pouco estiven a fotografar a persoas sen fogar e facían bromas sobre calquera desgraza que lles ocorrese. Se non fosen capaces de rir da súa vida cotiá, deprimiríanse.

Iso explica que a túa serie de fotografías leve por título *Ray's A Laugh*. Tamén fixeches un documental sobre os teus pais hai uns anos [*Fishtank*]. Crees que remataches con este tema? Creo que si. Quero explorar outras ideas, aínda que o meu irmán menor, Jason, que tamén aparece na película, quere escribir máis material [risas]. Véxoo un pouco como unha historia de amor. Meus pais tiveron que

superar moitos obstáculos e creo que o fixeron o mellor que puideron. Meu pai tiña a miña idade cando perdeu o seu traballo. Era maquinista nunha fábrica e o seu nivel educativo non era moi alto. Probablemente non sabía nin ler nin escribir correctamente. Estaba convencido de que desempeñaría o mesmo traballo até os 65 anos. Pero co cambio de goberno e a chegada de Thatcher, pecháronse moitas fábricas e todos eses homes de clase traballadora foron despedidos. Meu pai non sabía que facer; non podía superalo.

As persoas que vexan a película poden preguntarse se eles serían capaces de recrear cada detalle da súa infancia. Parece improbable. Non lembro todos os detalles pero si a posición dos mobles e a disposición dos cuartos, con cores e texturas diferentes. Coñeces ao fotógrafo

Jeff Wall? Todas as súas fotografías son escenificadas pero parecen imaxes de documentais. Quedei fascinado co seu traballo: hai moita verosimilitude nelas e gústame esa tensión. Ás veces, pode tardar até seis meses en montalas. É coma se os obxectos tivesen unha historia detrás. Creo que estudar todo isto axudoume a reflexionar sobre as escenas da película porque nós tentabamos gravar en localizacións onde ocorrían moitas cousas e eu tamén tiña que mirar moitas fotografías. En canto aos diálogos, tiña a gravadora que aparece na película. Aínda conservo esas cintas que fixen sobre a miña familia e os meus amigos e ensineillas aos actores.

Todas as escenas de interior son claustrofóbicas. Parece que os nenos (é dicir, teu irmán e ti) só son felices fóra de casa. Os espazos eran pequenos pero era o que había. Amoso algúns animais engaiolados e quizais é unha simetría cos personaxes, que tampouco poden ver máis aló da súa contorna. Teño moi bos recordos de cando era pequeno pero cando nos mudamos ao bloque de pisos pasámolo moi mal. Parecía que vivías no ceo, separado dos que vivían na terra. Non había outras familias nin outros nenos cos que xogar, estabamos moi illados. Saías á porta ou ao corredor e as paredes estaban cubertas de graffitis racistas, había ouriños e excrementos nos ascensores e todas as xanelas estaban rotas. Dentro do apartamento non se estaba tan mal. O malo era a viaxe ao mundo exterior.

Publicado en <http://www.cineuropa.org>
Tradución: Olalla Cociña

O AUTOR

Richard Billingham (Birmingham, 1970) é fotógrafo, artista, cineasta e profesor de arte. O seu traballo centrouse na súa familia, o lugar onde medrou en West Midlands, pero tamén noutras paisaxes. Publicou diversas monografías. Dirixiu a longametraxe *Fishtank*, así como varias curtas. Tamén escribiu e dirixiu *Ray* (2016), primeira parte dunha longametraxe de tres partes. É coñecido por *Ray's A Laugh*, que documenta a vida do seu pai alcohólico e a súa nai obesa, Liz. Foi preseleccionado para o Premio Turner 2001. O seu traballo atópase nas coleccións permanentes da Tate, o Museo Victoria & Albert, e a Colección de Arte do Goberno en Londres. Ensina arte nas universidades de Gloucester e Middlesex.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax